



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO 2021

1. Obxecto

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do Concurso de disfraces do Entroido 2021. Nesta edición, ante a situación epidemiolóxica que vivimos e para evitar aglomeracións nas rúas, o concurso realizarase a través da presentación de vídeos, e será requisito imprescindible que os/as participantes vaian disfrazados/as.

2. Financiamento

Os premios deste concurso, que ascenderán a 1800€, son financiados con cargo á aplicación orzamentaria 338.480.02 dos orzamentos municipais para o exercicio 2021.

3. Participantes

Poderán participar no concurso todas e todos aqueles veciños de Ordes, residentes no termo municipal, que teñan a idade requirida para cada categoría.

Estas categorías serán:

XOVE: Ata 14 anos.

SÉNIOR: Máis de 14 anos.

FAMILIAR: Sen límite de idade ou número de participantes, mentres sexan conviventes.

4. Condicións da participación

Nas dúas primeiras categorías poderase participar de xeito individual ou colectivo (sempre que todas e todos os participantes estean dentro da franxa de idade desa categoría). Se existen persoas participantes con idades pertencentes a distintas categorías, deberán competir na categoría familiar. Todas as participacións colectivas deberán ser de persoas conviventes.

Será requisito ir disfrazado e o vídeo poderá consistir nun baile, canción, parodia, imitación, ...etc. O límite máximo será de 3 minutos. Poderase editar ou gravar utilizando calquera programa ou app, como por exemplo tik-tok, se ben será necesario subilo ao Facebook coas seguintes instrucións.

1. Seguir a páxina oficial do Concello de Ordes en Facebook **@concellodeordes**.
2. Publicar o vídeo na páxina persoal do/a participante seleccionando a opción "PÚBLICO".
3. Mencionar na publicación do vídeo á conta **@concellodeordes**. Engadir tamén a categoría na que se participa e o hashtag **#EntroidOrdes2021**.

C/. Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680 - Teléfono 981 68 00 02 - Fax 981 682221



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4. Enviar unha mensaxe privada ao Facebook do Concello de Ordes na que se especificarán os seguintes datos:

- Nome do vídeo.
- Nome, apelidos e DNI da persoa inscrita ou representante (maior de idade).
- Idade e categoría na que participa.
- Teléfono de contacto.
- #EntroidOrdes2021.

Os premios outorgaranse contando o número total de “likes/gústame” que reciba cada vídeo. Indicar que no caso de que os vídeos participantes sexan compartidos noutros perfís (como por exemplo doutras persoas que participen no mesmo vídeo nas categorías conxuntas) non contarán os likes que reciban nestes últimos senón só os que reciba o vídeo da publicación orixinal.

O Concello de Ordes resérvase a potestade de subilos ao resto das súas redes sociais, web, canle en Youtube ...etc.

Quedarán eliminados do concurso todos aqueles vídeos que conteñan faltas de respecto, insultos ou contido que sexa considerado de mal gusto ou non axeitado.

5. Prazos:

Prazo de presentación: Dende o mércores 10 ao mércores 17 de febreiro de 2021.

Prazo de votación: Ata o 21 de febreiro de 2021.

O luns 22 de febreiro realizarase o reconto a anunciaranse os/as gañadores/as por medio das redes sociais e a páxina web do Concello de Ordes.

6. Premios

Categoría Xove (Ata 14 anos)

- 1º Premio: Vale de 300 € para gastar no comercio local.
- 2º Premio: Vale de 200 € para gastar no comercio local.
- 3º Premio: Vale de 100 € para gastar no comercio local.

Categoría Sénior (Máis de 14 anos)

- 1º Premio: Vale de 300 € para gastar no comercio local.
- 2º Premio: Vale de 200 € para gastar no comercio local.
- 3º Premio: Vale de 100 € para gastar no comercio local.

Categoría Familiar

- 1º Premio: Vale de 300 € para gastar no comercio local.
- 2º Premio: Vale de 200 € para gastar no comercio local.
- 3º Premio: Vale de 100 € para gastar no comercio local.

Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente, así como ás deducións e retencións que a normativa fiscal sinala en cada momento.

C/. Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680 - Teléfono 981 68 00 02 - Fax 981 682221



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

7. Disposición final

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Ordes, 9 de febreiro de 2021.

O alcalde

José Luis Martínez Sanjurjo